



## ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA (COTSG) E A ASOCIACION GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)

En Santiago de Compostela (A Coruña), 17 de febreiro de 2017.

### REUNIDAS

Dunha banda, **Marta Capeáns Outeiro**, con D.N.I. 78786291K, na súa condición de Presidenta do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, con domicilio na rúa Dublín 6, baixo (Fontiñas), CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), teléfono 981568100, info@traballosocial.org, CIF Q1569016G.


Doutra banda, **Mª Manuela Zas Castro**, con D.N.I. 33853575J, na súa condición de Presidenta da **ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)**, con domicilio na rúa das Letras Galegas, 45, CP 15702, Santiago de Compostela (A Coruña), teléfono 605989791, agacamt@agacamt.com, CIF G36904357, inscrita no Rexistro central de Asociacións co número 2001/000705-1-SC.

Interveñen ambas en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades, con capacidade de abondo para asinar acordos en nome das entidades que representan.

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que o **COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, é una entidade que nace para ser un instrumento de comunicación, información, documentación e prestación de servizos, tanto para as traballadoras e traballadores sociais como para a ciudadanía, que asume o compromiso, non só coas persoas colexiadas, senón co conxunto da sociedade galega de traballar en prol duns servizos sociais públicos e de calidade, que sexan accesibles para toda a ciudadanía.

**SEGUNDO.-** Que a **ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)** é unha asociación sen ánimo de lucro para a promoción e desenvolvemento das iniciativas necesarias para actuar contra o acoso moral nos seus distintos ámbitos: laboral, escolar, familiar... Persegue promover, defender e protexer a dignidade e a integridade moral como dereitos fundamentais das persoas; erradicar as prácticas de violencia e outras situacións que poidan atentar contra a dignidade e a integridade moral; previr as súas causas; asistir e apoiar as vítimas de prácticas de acoso e a súas familias; propoñer os cambios lexislativos necesarios; impulsar a creación de servizos asistenciais específicos de carácter social, sanitario e xurídico; e sensibilizar aos distintos estamentos públicos e privados e a sociedade en xeral, sobre a importancia e a repercusión dos atentados contra a integridade moral.



**TERCEIRO.**- Que ambas entidades comparten que os profesionais do traballo social teñen un papel relevante no acoso moral, polo que resulta de interese para ambas as partes establecer un **ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN** con base nas seguintes:

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA:** Finalidade do acordo.

O obxecto deste Acordo marco é establecer as bases polas que rexerá a colaboración entre o **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA** e a **ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)**, para dar cumprimento aos obxectivos xerais detallados na cláusula terceira.

#### **SEGUNDA:** Pessoas destinatarias.

As persoas destinatarias das medidas previstas neste acordo serán profesionais do traballo social da rede pública de servizos sociais de atención primaria e especializada, do Servizo Galego de Saúde, das entidades de iniciativa social e entidades privadas así como aquelas outras profesionais cos que traballen dende un enfoque interdisciplinar, así como toda aquela profesional relacionada co acoso moral, e en xeral calquera persoa interesada.

#### **TERCEIRA:** Obxectivos xerais da colaboración.

Ambas entidades comprométense a participar e colaborar activamente nas actividades e proxectos que se acorde establecer e que irán encamiñados, en termos xerais a:

- 1<sup>a</sup>. Promover e organizar accións educativas e formativas (congresos, xornadas, cursos ou outras) dirixidas a posibilitar e facilitar a protección da integridade física e moral das persoas.
- 2<sup>a</sup>. Cooperar para desenvolver instrumentos de avaliación da afectación do dano á integridade física e moral no ámbito individual, familiar e social.
- 3<sup>a</sup>. Dinamizar o Grupo de traballo de prevención de lesións do COTSG, incidindo nas derivadas do dano a integridade física e moral no ámbito persoal, familiar e social.

#### **CUARTA:** Publicidade.

As partes poderán dar a coñecer libremente a existencia e contido deste acordo marco.

#### **QUINTA:** Desembolsos económicos.

O acordo non suporá desembolso económico algúun para ningunha das partes, sen prexuízo dos desembolsos que no futuro procedan, que, de ser o caso, se concretarán para cada acción de colaboración individualizadamente en documento diferenciado.



**SEXTA:** Seguimento e avaliación do acordo.

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados do presente acordo, constituirase unha Comisión de seguimento, composta por dous representantes a designar por cada unha das entidades, que se xuntará sen periodicidade predeterminada por convocatoria de calquera das dúas entidades colaboradoras.

**SÉPTIMA:** Vixencia.

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá un período de vixencia indefinido, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cun preaviso recibido pola outra parte cando menos con dous (2) meses de antelación con respecto á data de expiración do convenio.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio en dous exemplares de tres páxinas impresas en papel co imagotipo dambas entidades no lugar e data no lugar indicados no encabezamento.

 <p>Rúa Dublín 6, baixo. Portal 3 15707 Santiago de Compostela T 981 568 100 F 981 941 898 <a href="http://www.traballosocial.org">www.traballosocial.org</a> <a href="mailto:info@traballosocial.org">info@traballosocial.org</a></p>	
<p>Asdo. Marta Capeáns Outeiro Presidenta <b>COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA</b></p>	 <p>Asdo. M<sup>a</sup> Manuela Zas Castro Presidenta <b>ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)</b></p>

